

As máxicas danzas da outonía

Xosé Otero Canto, 26 de decembro de 2025

<https://www.galiciadigital.com/opinion/opinion.38429.php>

Xa principian os mantos de follas que abrigaban as árbores e que agora sacoden tinguindo de cores as verdes herbas que caladas se van prestando aos seus desexos de formar teitos enriba delas, semellando tellas que cinguen e cobren en multitude, paseniño, mais cunha efectividade absoluta.

A melancolía céibase prendida das árbores, que pintan coa brocha do outono as fragas e os eidos, dando a volta desde o noso comezo para facer da vida círculos cíclicos de beleza e sabedoría dunha terra repetitiva que nos ampara e sorprende nos outonos reencarnados en abatemento e tristura.

Sempre nos chamaron a atención as árbores e a súa capacidade para mudar en temporais reloxos. Temos que ver como desde as súas neuronas arbóreas son quen de medir cunha precisión extraordinaria o tempo que se resolve en estacións. Quen llelo di? Con quen dialogan da natureza para sabelo? Onde están eses sensores estimulados polas súas neuronas de árbore que lle fan sentir o frío e a calor e aínda máis, terán tamén sentimentos?

Deben telos ao correr diante do vento que as arrastra, ascende e eleva mantendo a algunhas levitando e contravindo as leis da gravidade, erguéndoas coa forza das súas etéreas mans cando elas cheas de ledicia, reloucan abanándose en suspiros e en namoros antes de chegar á terra, revolvéndose e sendo donas de mil xogos e aconteceres que entre os dous, vento e follas, sen que ninguén llelo saiba, van concertando engordíño. O vento, pillabán, failles as cóxegas e entre estas deligras elas rinse sen parar cun riso involuntario de pracer e gustosas de que o vento as namore sacándoas a bailar en máxicas danzas de outono servidas polo acariñar e bo facer do livián vento saltareiro e picarón.

Outras follas caen mainas como góndolas no seu fluír, discorrendo cara a unha nova eternidade. Balandros que en ondas son quen de seguir o compás nas alturas dunha bailada sinxela e acaída no repouso sementado dos séculos, onde a eternidade nos fai acenos e nos chisca o ollo porque cada folla é un ollo da nosa terra que ve desde a súa ocular forma estar procedendo dunha maneira desconsolada á súa total destrución, non sen antes facernos galanos do seu exemplar suicidio que se delonga sempre en mantos de virxinal existencia.